

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6903 Orde AAA/1169/2013, do 21 de xuño, pola que se modifican o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado mediante a Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, e o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado mediante a Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, establece os requisitos que se deben cumprir no proceso de produción das sementes de plantas forraxeiras, de acordo co establecido na Directiva 66/401/CEE do Consello, do 14 de xuño, relativa á comercialización de sementes de plantas forraxeiras.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro, establece os requisitos que se deben cumprir no proceso de produción das sementes de sorgo, de acordo co establecido na Directiva 66/402/CEE do Consello, do 14 de xuño, relativa á comercialización de sementes de cereais.

Estas directivas 66/401/CEE e 66/402/CEE foron modificadas pola Directiva de execución 2012/37/UE da Comisión, do 22 de novembro de 2012, pola que se modifican determinados anexos das directivas 66/401/CEE e 66/402/CEE do Consello no que se refire ás condicións que deben cumprir as sementes de *Galega orientalis* Lam., ao peso máximo de cada lote de sementes de determinadas especies de plantas forraxeiras e ao tamaño da mostra de *Sorghum* spp. Procede, por tanto, a incorporación da mencionada Directiva 2012/37/UE, a través da correspondente modificación dos regulamentos técnicos de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras e de sementes de sorgo.

Non obstante, as modificacións nas condicións que deben cumprir as sementes de *Galega orientalis* Lam. non cómpre realizalas, xa que foron incluídas na citada Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, no seu anexo I, A, cadro 2.A.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro.*

Modifícase o anexo II (pesos dos lotes e das mostras) do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, nos seguintes termos:

Un. A liña correspondente a «Gramíneas:» substitúese polo texto seguinte:

«Poaceae (Gramineae) (*)»

A liña correspondente a «Leguminosas:» substitúese polo texto seguinte:

«Fabaceae (Leguminosae):»

Dous. Engádese, ao final do anexo, o seguinte parágrafo:

«(*) O peso máximo de cada lote poderá aumentarse a 25 toneladas se o provedor foi autorizado para tal efecto pola autoridade competente da comunidade autónoma responsable da certificación destas sementes.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro.*

O cadro existente no anexo 2 (pesos dos lotes e das mostras) do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro, substitúese polo seguinte:

«Categoría da semente	Peso máximo do lote – Toneladas	Peso mínimo da mostra que se tomará dun lote – Gramos	Peso da mostra para efectuar as contaxes das sementes do anexo I – Gramos
<i>Sorghum bicolor</i> (L.) Moench.	30	900	900
<i>Sorghum sudanense</i> (Piper) Stapf.	10	250	250
Híbridos de <i>Sorghum bicolor</i> (L.) Moench x <i>Sorghum sudanense</i> (Piper) Stapf.	30	300	300»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2012/37/UE da Comisión, do 22 de novembro de 2012, pola que se modifican determinados anexos das directivas 66/401/CEE e 66/402/CEE do Consello no que se refire ás condicións que deben cumprir as sementes de Galega orientalis Lam., ao peso máximo de cada lote de sementes de determinadas especies de plantas forraxeiras e ao tamaño da mostra de *Sorghum* spp.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de xuño de 2013.–O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.